

1º DE MAIO

día internacional da clase traballadora

Polo emprego, dereitos e prestacións sociais

A intensidade coa que se está a producir a crise do capitalismo, está provocando de xeito acelerado a destrución de miles de emprego en Galiza. As empresas aproveitan a caída da actividade para impoñer despedimentos baratos do persoal con contratos fixos por medio de ERE. Mentres isto sucede a CEOE e Institucións Públicas como o Banco de España reclaman reformas estruturais nos dereitos do traballo, diminución dos salarios e recortes nas coberturas e prestacións sociais.

AS respostas do Goberno Español en perfecta sintonía coa doutrina do neoliberalismo, pasa por conceder miles de millóns de euros do diñeiro público ó capital financeiro especulativo, responsable da crise, e destinar axudas a sectores industriais sen comprometer e condicionar o mantemento do emprego. Non debemos esquecer que o beneficio empresarial nos dez últimos anos no estado español foi superior ao 70%, dúas veces maior que a media Europea. O reparto da riqueza creada concentrouse nas mans dos mais ricos. Todo isto ao tempo que en Galiza superamos os 200 mil parados/as, continua o derrame incesante de regulacións de emprego e peches de empresas e a negociación dos Convenios está paralizada interesadamente polos empresarios.

Desde a CIG nestes últimos meses temos mobilizado diferentes sectores na defensa do emprego,

manifestando como organización, a urxencia por unha necesaria resposta da clase traballadora que obrigue medidas extraordinarias de alcance político. A reactivación da economía coa creación dunha banca Pública, tamén en Galiza, que non permita o estrangulamento do sistema produtivo; a protección dos desempregados e daqueles/as que xa non teñen ingresos por medio dun salario de reinserción laboral, unha fiscalidade progresiva na que paguen mais os mais ricos, ampliar os sistemas de protección social básicos (saúde, pensións, atención a situacións de dependencia e discriminación, etc.) o desenvolvemento de infraestruturas e actividades económicas que se baseen na protección do medio ambiente e potenciar a soberanía alimentar....ou sexa avanzar cara un novo modelo económico e social, que comprometa a soberanía do pobo galego e o socialismo do século XXI.

POR UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL.



1^o
DE
MAIO

Día internacional da clase traballadora

A comarca da Coruña esixe medidas urxentes contra a crise

Hai anos que vimos arrastrando nas comarcas de A Coruña, Bergantiños e Costa da Morte unha progresiva desindustrialización, un retroceso dos sectores industriais e primarios e unha imposición de cambios no sistema produtivo que nos levan a unha economía especulativa. Así é que, nestas comarcas, a intensidade da crise vai sendo cada vez maior e as súas nefastas consecuencias na destrución de emprego deterioran progresivamente o tecido produtivo.

A crise vaise cebando principalmente cos numerosos despedimentos no sector da construción e da carpintería de madeira (FADESA, Galicociñas, Mercar Noroeste, Paneltron, Peteiro, Molduras, Blasco, etc.); na industria extractiva, como Caolíns de Vimianzo; na industria téxtil, con peches de importantes talleres ou cos despedimentos progresivos en Caramelo. Está presente a crise tamén no sector do metal con anunciadas reducións de plantilla en Talleres Carral, CYRGASA e co peche de LM GLASFIBER. A industria conserveira é outro dos sectores afectados: Conservas Carnota, co 90% do cadro de persoal en inestabilidade laboral... A crise afecta tamén o sector de artes gráficas, con peches de empresas como IMYG, Biotoner e Sertrico ou expedientes temporais como Dygra Films.

Estes despedimentos súmanse aos xa causados no sector de Telemarketin, provocado pola deslocalización, como en Atento, ou ao intento desde hai meses anunciado polo BBVA de despedir 400 traballadores e traballadoras.

Denunciamos tamén as decisións empresariais que, coa escusa da crise, se aproveitan para xustificar peches pola deslocalización, regulacións temporais, expedientes de despedimento, conxelacións salariais, descarados incumprimentos de convenios colectivos asinados, etc.

Mentres os empresarios manteñen os seus beneficios, o lombo da clase traballadora soporta esta crise, perde os postos de traballo, soporta a diminución do adquisitivo e ve recortados os seus dereitos.

Velaí os exemplos da BUNGE IBERICA, EMESA, BIOETANOL, EMESA TREFILERIA, CONVENIO DO COMERZO VARIO DA PROVINCIA DE A CORUÑA.

Por todo isto, desde a CIG chamamos a participar na MANIFESTACIÓN deste 1º de MAIO coa pretensión de que as medidas que se tomen contra a crise non poden recaer nun maior empobrecemento da clase traballadora.

**COA FORZA DE DEFENDER O EMPREGO, OS DIREITOS E AS PRESTACIÓNS SOCIAIS
MOBILÍZATE PARA CONSTRUIR UN NOVO MODELO ECONÓMICO E SOCIAL PARA ESTA COMARCA E PARA GALIZA**

Manifestación na Coruña Ás 12h desde a Praza de Vigo



Confederación Intersindical Galega

www.galizacig.com